

A CATÁSTROFE DO PRESTIGE: O QUE A UNIVERSIDADE DE VIGO PODE FACER

Nestes días estamos a vivir as consecuencias da marea negra provocada polo afundimento do Prestige enfronte das nosas costas. A nosa xente do mar está a loitar bravamente cos seus propios medios contra esta catástrofe, apoiada polos voluntarios galegos e non galegos, ante a desidia, a falta de coordinación e a manipulación dos feitos por parte dos gobernos Central e Autonómico.

A Universidade de Vigo ten moito que aportar dada a súa posición como referente no desenvolvemento cultural, económico e social do país. Para nós son tres os ámbitos fundamentais nos que cómpre actuar, de forma non excluínte senón complementaria:

1. En primeiro lugar, a Universidade de Vigo ten que participar activamente nas actividades de limpeza das nosas costas, a tarefa máis urxente nestes momentos, tanto nas Rías Baixas, como nas Rías Altas e na Costa da Morte. As medidas adoptadas xa polo Consello de Goberno son positivas pero, quizais, centradas nos días laborais e nas Rías Baixas. É necesario canaliza-la enerxía do voluntariado facilitando actuacións coordinadas os fins de semana e ó longo de toda a costa afectada. Hai moitas persoas con ganas de colaborar no que sexa que ve frustradas as súas intencións pola falta dunha coordinación efectiva. A Universidade de Vigo ten que demostrar a súa capacidade tanto para aportar efectivos e medios como para organizalos e coordinalos coas actuacións de Confrarías e organizacións ecoloxistas ou non gobernamentais.

2. Non podemos esquecer a denuncia permanente das actuacións duns gobernos, Central e Autonómico, que parecen renegar de Galicia e dos seus problemas. Cando lévamos máis dun mes desde que se produciu a catástrofe segue a sacarse o chapapote a man, sen ningún tipo de medios mecánicos de extracción ou transporte do material. No caso concreto das actuacións na mar estamos a ver ós nosos mariñeiros empregando útiles construídos por eles mesmos: redes, instrumentos tipo coador, ganchos, etc. A Universidade de Vigo debe estar presente nas manifestacións e accións de protesta. O propio nome da plataforma cidadán creada a raíz destes acontecementos é definitiva da estratexia a seguir: NUNCA MÁIS. Hai que poñer os medios legais, operativos e preventivos necesarios para que unha situación semellante non volva a ocorrer máis nas nosas costas. Isto require unha vixilancia constante das actuacións en determinados eidos como poden ser o do Dereito, da Economía, da Bioloxía ou o ámbito social, nos que a Comunidade Universitaria está especialmente capacitada pola súa propia formación.

3. Isto nos leva ó terceiro aspecto, a reconstrución. Unha vez garantida a limpeza de ata o último centímetro de costa danada cómpre ter elaborado un conxunto de medidas que permitan a total recuperación biolóxica, económica e social das zonas afectadas directa ou indirectamente. A Universidade de Vigo ten que liderar a creación de grupos de traballo interdisciplinares nos que participen tamén investigadores doutras universidades, nacionais ou

estranxeiras, para lograr estes obxectivos. Isto é sumamente importante que se esixa desde agora, xa que a propia urxencia dos labores de limpeza nos pode facer esquecer que este é só o primeiro paso dun longo proceso de recuperación que vai requirir a aportación e o esforzo de todos.